

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o dezaseis de novembro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

14/764 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. (EXP. REF. 43-2016).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 20 de novembro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Prego de condicións técnicas para a contratación da subministración e instalación dunha cabina aseo autolimpable para instalar no parque de Rosalía de Castro na cidade de Lugo de 14 de setembro de 2016
- II. Certificado de existencia de consignación na aplicación orzamentaria 17100.62200 (RC 79526; CP 16XX00023) do vixente Orzamento xeral de 2016.
- III. Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 29 de xullo de 2016 autorizando a intervención.
- IV. Prego de cláusulas administrativas para a contratación desta subministración elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento en data 20 de outubro de 2016

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

- Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba Regulamento dos servizos de prevención; o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción. BOE número 71 23-03-2010.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de subministración, que segundo o artigo 9 do TRLCSP serían aqueles “*que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmóbeis*”. O obxecto deste contrato é a subministración dun aseo público autolimpable para situar no parque de Rosalía de Castro conforme o prego de prescricións técnicas elaboradas polo técnico de parques e xardíns.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 115 do TRLCSP e 67.2 e .5 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Este contrato adxudicarase polo **procedemento aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

No prego de cláusulas administrativas particulares determináanse os criterios e aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP sendo maioritariamente criterios avaliados automaticamente.

Terceiro.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual, sen prexuízo das delegacións que se confiran na Tenenta de Alcalde Delegada da Área.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma.



Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016).

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, do seguinte teor literal:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016).

ÍNDICE

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** PRAZO DE EXECUCIÓN.
- **CLÁUSULA CUARTA.** PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.
- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSIÇÕES.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** EXECUCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓN ESENCIAL DE EXECUCIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.** GASTOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.** CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.-** RECEPCIÓN. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA. GARANTÍA. PRAZO DE GARANTÍA
- **CLÁUSULA VIXÉSIMA.** RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.** PAGAMENTO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.** PENALIDADES.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.** EXTINCIÓN DO CONTRATO.
- **VIXÉSIMO CUARTA.-** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO I.** DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.
- **ANEXO II.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.
- **ANEXO III.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).
- **ANEXO IV.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.
- **ANEXO V.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.
- **ANEXO A.** PRESENTACIÓN DE PLICAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato a subministración dun aseo público autolimpable para situar no parque de Rosalía de Castro conforme o prego de prescricións técnicas elaboradas polo técnico de parques e xardíns.

CPV: 39100000-3 Mobiliario.

4



Con este contrato satisfácese e necesidade de dotar ao Parque de Rosalía de Castro dun aseo público adaptado ao contorno que resposta a unha necesidade funcional sen causar alteración no Parque Rosalía de Castro.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.


Trátase dun contrato de subministración, recollido e regulado no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e que ten por obxecto a subministración dun aseo público autolimpable para situar no parque de Rosalía de Castro conforme o prego de prescricións técnicas elaboradas polo técnico de parques e xardíns.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de Coordinación de actividades empresariais.
- Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo, polo que se modifican o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba Regulamento dos Servizos de Prevención; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción. BOE nº 71 23-03-2010.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

administrativas, prevalecerá este último así como a normativa vixente en materia de contratación.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen prexuízo das delegación que se confiran na Tenente de Alcalde Delegada da Área.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo máximo de entrega será de CORENTA E CINCO (45) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte a aquel en que se requira formalmente para a subministración concreta polos servizos técnicos municipais de parques e xardíns, en función das necesidades e da precisa coordinación coa execución da obra civil por parte do Concello.

Este requirimento realizarase no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato de subministración que é o máximo previsto para a execución da obra civil por parte do Concello.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

4.1.- O prezo dos contratos (prezo de licitación) ascende a 33.057,85 € máis o 21% IVE – 6.942,15 € - resultando un total de **40.000 euros (IVE incluído)**.

Sobre este prezo de licitación realizarán os licitadores as súas ofertas á baixa.

4.2.- O valor estimado total do contrato é de 33.057,85 euros.

4.3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se atopan incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguros, gastos de instalación e posta en marcha, transportes e desprazamentos, gastos de persoal, taxas e toda clase de tributos, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das súas obrigas.

4.4.- Faise constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 17100.62200 do vixente orzamento xeral (RC 79526; CP 16XX00023).

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

Este contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de cláusulas administrativas.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constituían temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

6.1.- A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse mediante algún dos seguinte medios:

Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior 49.500 euros**.

Para a acreditación deste volume anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercicio se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.


Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**. Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución.

6.2 .- A solvencia técnica deberá ser xustificada do seguinte xeito:

Mediante a acreditación de experiencia na subministracións de cabinas autolimpables en un número mínimo de 20 nos derradeiros cinco anos.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal)

O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición mediante **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"** que se **achega ao final deste prego e que se acompañará de TRES sobres pechados**, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-, letra B - OFERTA RELATIVA AOS



CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE e letra C - OFERTA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

En tódolos sobres identificarase claramente os lotes aos que concorre e o número de expediente (EXPTE. REF. 43- 2016).

As proposicións, comprensivas da instancia conforme ao modelo do Anexo A e os correspondentes sobres, presentaranse durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas, de luns a venres ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en día inhábil (sábado ou festivo) prorrogarase ao seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

- a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI
- b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

- Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ao efecto con anterioridade ao remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de**



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato non tendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Advírteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalguna das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflcta a información a

que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación**. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (APARTADOS 1 A 6) DENTRO DO SOBRE A, UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS.

7.- Os licitadores virán obrigados a informar o **convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato** no caso de resultar adxudicatarios, así como a obriga de facilitar tanta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos (**incluído no modelo do ANEXO IV**).

8.- Declaración responsable (**conforme modelo do ANEXO V ou incluída no Anexo IV**) pola que, de resultar adxudicatarios -e para o caso de que o número de traballadores en plantilla iguale ou supere a cifra de 50- obríganse a cumprir e acreditar, ante o órgano de contratación, o cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Nesta declaración farase constar que se asume o compromiso de acreditar o dito cumprimento durante toda a vixencia do contrato cando sexa requirido polo responsable do contrato.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e /ou sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato. O SOBRE B - PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA ÓS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

Conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións presentadas de acordo cos **criterios avaliábeis mediante xuízo de valor** que se indican na cláusula décimo segunda (12.2) deste prego de cláusulas administrativas particulares.

O sobre “B” non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que éstos acadarían en base ós criterios do Sobre “C”.

O incumprimento desta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación por supoñer unha vulneración da igualdade de trato e non discriminación.

O SOBRE C, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE, CONTERÁ o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016)**

b) Que me comprometo a executar a subministración conforme a seguinte **oferta económica**:euros máis un 21% de IVE (..... euros), do que resulta un importe total de euros IVE incluído.

c) Que oferta un **incremento do prazo de garantía** de (indicar número de anos) anos a maiores do obrigatorio de 2 anos.

d) **Está en posesión das seguintes certificacións das que se achega actualizada a correspondente acreditación** con vixencia na data de remate de presentación de ofertas e que me comprometo a manter durante o período de prestación do contrato (*subliñar cun círculo o que proceda*):

- Certificación en Ecodiseño ISO 14006 relativo ó obxecto do proxecto: SI / NON.

- Certificación ISO 90001 : SI / NON.

- Certificación ISO 14001 de sistemas de xestión ambiental SI / NON.

-Certificación OHSAS 18001 : SI/NON

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)


DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 e na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o competente para a valoración das ofertas.

Esta Mesa estará constituída por:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

Vogais:

- Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.
- Interventor xeral ou persoal que o substitúa.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou persoal que o substitúa.
- Un técnico do servizo/departamento correspondente (xestor do gasto) ou persoal que o substitúa.

O **acto de apertura do sobre B** celebrárase ó segundo día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo. Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o **acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C)**, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes:

12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE:

12.1.1. - Oferta económica: Ata 25 puntos.

Obterá a máxima puntuación (25 puntos) neste apartado a proposición do licitador que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións que oferten o prezo de licitación e as restantes valoraranse de xeito directamente proporcional en función da baixa ofertada.

A estes efectos, considerarase o prezo ofertado, incluído o I.V.E., sen ter en conta os valores decimais, que se redondearán ao número enteiro máis próximo.

Ningunha oferta se cualificará con valores anormais ou desproporcionados no sentido do recollido no artigo 152 do TRLCSP.

12.1.2.- Ampliación do prazo de garantía: Ata 12 puntos.

Por cada ano adicional de ampliación sobre o mínimo de dous anos obteranse 3 puntos/ano ata un máximo de 12 puntos que serán os que oferten 4 anos a maiores.

As ofertas realízanse por anos completos (equivalentes a 12 meses).

Durante o prazo mínimo de garantía establecido neste prego e no ofertado a maiores o contratista asume as obrigas sinaladas no apartado D do prego técnico.



12.1.3.- Aportación das Certificacións (ata 2 puntos) en Ecodiseño ISO 14006, os Certificados de Calidade ISO 90001, Sistemas de Xestión Ambiental ISO 14001 e de Seguridade e Saúde no Traballo OHSAS 18001. (con vixencia na data de remate de presentación de ofertas e compromiso de mantemento durante o período de prestación do contrato)

A razón de 0,5 puntos a posesión de cada certificado, resultando un total de 2 puntos.

12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

12.2.1.- Proposta técnica: ata 10 puntos co seguinte desglose:

a) Equipamento e sinalización: Ata 4 puntos desglosados como segue:

-Equipamento.- Avaliaranse as melloras relacionadas coa autolimpeza de baño ou confort do usuario e a seguridade2 puntos

-Sinalización .-Avaliaranse as propostas que melloran a accesibilidade.....2 puntos.

b) Deseño innovador e integración: Ata 4 puntos.

Avaliarase a orixinalidade do deseño na súa forma, estética e funcionalidade, ao tempo da súa integración arquitectónica e paisaxística co seu contorno.

c) Eficiencia enerxética y medioambiental :Ata 2 puntos

Avaliarase a eficiencia da cabina na instalación de elementos de baixo consumo e a xestión eficiente dos recursos naturais.

En caso de empate na puntuación final, o contrato resolverase a favor de aquela oferta que houbera obtido unha maior puntuación na oferta económica agás resulte aplicable a preferencia sinalada no apartado 12.3 seguinte.

12.3.- PREFERENCIA EN CASO DE EMPATE:

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a preferencia na adxudicación deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igalen nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Así mesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

A adxudicación dos contratos será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ao licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará os contratos dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houberse esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.



DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ao contratista o responsable do contrato (técnico de parques e xardíns) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ao disposto no artigo 228 do TRLCSP.

DÉCIMO SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓ ESENCIAL DE EXECUCIÓN.

De conformidade co artigo 227 do TRLCSP a empresa contratista **non poderá** subcontratar prestacións parciais con terceiros que superen **o 60% do importe de adxudicación IVE incluído**.

O licitador deberá indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto contratar, sinalando o importe, o nome e perfil empresarial definido por referencia ás súas condicións de solvencia profesional ou técnicas.

En todo caso o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello de Lugo a súa intención de celebrar subcontratos o seu importe e identidade do subcontratista.

A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP dará lugar á imposición de penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato.

Aos efectos do artigo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prego así como á resolución do contrato de conformidade co artigo 223.h) del TRLCSP.

A subcontratación de prestacións obxecto do contrato por parte do contratista non poderá ser causa para eludir o cumprimento por parte deste último das condicións especiais de execución nin de ningunha obriga establecida nos pregos reguladores da contratación.

O contratista principal asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello, conforme ao estipulado nos pregos e nos termos do contrato, e neste sentido e respecto das subcontratacións que puideran concertarse será o responsable último do cumprimento polos subcontratistas das obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta dos contratistas (o importe indícase no propio anuncio), así como os que se deriven dos embalaxes, portes, certificados, etc.

O contratista estará así mesmo obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

18.1.- O/os contratista/s están obrigados a **cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral, en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

Para o cumprimento desta obriga deberá manter actualizado en todo momento ao longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ao corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

18



Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

18.2.- Para o **cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais** así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, deberá remitir ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo con carácter previo ao inicio da prestación de que se trate, a seguinte documentación:

- Listado sobre os riscos específicos das actividades que poidan afectar aos traballadores do Concello e doutras empresas.

- Certificado de modalidade preventiva.

- Certificados de formación respecto dos traballadores que vaian a prestar os seus servizos nos centros do Concello tal e como se establece no artigo 19 da Lei 31/1995.

- Documentación que xustifique que se cumpre coas obrigas de información respecto dos traballadores que vaian a prestar os seus servizos nos centros de traballo do Concello.

- Documentación que certifique que se garante aos traballadores que vaian a prestar os seus servizos en centros do Concello a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao posto de traballo, de non ser necesario documento que acredite a renuncia ao mesmo.

Toda a documentación arriba indicada non sería de aplicación no caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo.

No caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo, deberán aportar a seguinte documentación:

- NIF do autónomo.

- Xustificante de pago á Seguridade Social por parte do autónomo.

- Informe dos riscos e as medidas preventivas do posto de traballo que vai a desempeñar nos centros de traballo do Concello.

E durante os traballos, no caso de producirse:


- Relación dos traballadores que asistirán ás instalacións do Concello.

- Comunicación ao Concello sobre os accidentes de traballo que se produzan como consecuencia dos riscos das actividades concorrentes.

- Comunicarase toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores das empresas presentes no centro de traballo.

No caso de non chegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. O non mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase **ANEXO I** ao presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ao Concello.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

18.3.- O/os contratista/s adxudicatario deberá acreditar, cando sexa requirido polo responsable do contrato, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade** e da súa inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ao cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.

En caso de ser requirido, a empresa achegará un certificado no que conste o número de traballadores en plantilla e a porcentaxe de traballadores con discapacidade podendo ser requirido para a presentación doutra documental a maiores que se estime necesaria para comprobar o cumprimento desta obriga.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

18.4.- O contratista non poderá modificar as condicións salariais -nin á baixa nin á alza- dos traballadores por decisión unilateral da empresa, agás que esta modificación sexa consecuencia dun proceso de negociación colectiva coas consecuencias sobre o prezo do contrato que de seguido se establecen. No caso de que a aprobación dun novo convenio sectorial supuxese unha diminución dos custos salariais, o Concello procederá á redución do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudio económico. Terá a consideración igualmente de causa que pode dar lugar a unha modificación prevista do contrato o feito de que durante a execución deste contrato fose negociado e aprobado un novo convenio colectivo na empresa contratista que supuxese unha diminución do custo do persoal adscrito á execución do contrato respecto ó convenio colectivo de aplicación pola empresa no momento da licitación do contrato. Neste caso, o Concello procederá á redución do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudio económico.

A obriga establecida neste apartado configúrase como unha condición especial de execución de conformidade co artigo 118 do TRLCSP e ó que se lle atribúa carácter de obriga contractual esencial dando lugar o seu incumprimento á resolución do contrato (artigo 223.f) ou ben á imposición de penalidades (artigo 212).

Ademais das condicións especiais de execución anteriormente sinaladas, aos efectos do establecido **no artigo 223.f) do TRLCSP** as restantes obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** e o seu incumprimento dará lugar a resolución.



Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

DÉCIMO NOVENA.- RECEPCIÓN. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA. GARANTÍA. PRAZO DE GARANTÍA.

O contratista esta obrigado a entregar e poñer a disposición do Excmo. Concello de Lugo o obxecto da subministración no prazo indicado na cláusula terceira deste prego. Os contratistas informarán previamente con 48 horas de antelación ao responsable do contrato do día e hora exacto de entrega.

Os gastos de entrega e transporte ata o lugar indicados serán por conta do contratista. O Concello de Lugo non será responsable dos vicios ou defectos dos vehículos motivados pola entrega sen previo aviso. A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

O mobiliario será recibido polo responsable municipal do contrato. Se este non se atopa en estado de ser recibido farase constar así na acta de recepción dando as instrucións precisas ó contratista para que amañe os defectos observados ou proceda a unha nova subministración axustada ó contratado no prazo máximo de quince días naturais con aplicación das penalidades correspondentes.

O prazo de garantía sobre o conxunto do mobiliario será de 2 anos dende a data de recepción sen prexuízo do incremento do prazo ofertado polo contratista. Durante este prazo ou o ofertado o contratista asumirá as obrigas sinaladas no apartado D do prego técnico.

Os gastos que se deriven dos embalaxes, portes, certificados, etc. ... serán por conta do adxudicatario.

Non procederá a devolución da garantía definitiva ata transcorrido este prazo de garantía ou do que oferten se fose o caso.


VIXÉSIMA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ao presente prego, ao de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ao contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformadas pola responsable do contrato e mailo concelleiro da área xestora. No caso de ser requirida a presentación de determinada documentación, conforme ao estipulado na cláusula décimo sexta e décimo oitava, para a comprobación do cumprimento de obrigas contractuais, ésta deberá ser aportada no prazo sinalado no requirimento, non entendéndose debidamente presentadas as facturas posteriores ao remate deste prazo, que por conseguinte serán devoltas sen tramitar, sen prexuízo doutras accións que poidan corresponder. Se as facturas son de importe igual ou inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 39/2015 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ao Excmo. Concello de Lugo. Se a factura é de importe superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ao Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.

Órgano Xestor: LA0005488. Desenvolvemento Sostible e Persoal

Unidade Tramitadora: LA0005572. Parques e Xardíns.

Aos efectos sinalados no artigo 218 do TRLCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

VIXÉSIMO SEGUNDA. PENALIDADES.

Impoñeranse penalidades ós contratistas cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións especiais de execución e obrigas contractuais establecidas na **cláusula décimo sexta e décimo oitava que se configuran como obrigas contractuais esenciais** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o



órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da terminación do contrato.

b) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso do contrato dará lugar á imposición de penalidade**. Entendese por incumprimento defectuoso o incumprimento ou defectuosa execución das obrigas sinaladas no prego de prescricións técnicas así como ás condicións da súa oferta.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso** do contrato poderá dar lugar á imposición de penalidades, sendo o seu importe do 1% do importe de adxudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo neste caso acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir as obrigas, condicións e demais requisitos para a subcontratación establecidos no artigo 227 do TRLCSP.

O importe da penalidade será de ata o 50% do importe do subcontrato.

d) Por demora.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, tivese incorrido en **demora respecto ao cumprimento do prazo total**, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.


As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

No procedemento que se tramite ao efecto darase audiencia ao contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 299 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecidas no prego de prescricións técnicas que terán o carácter de obrigas contractuais esenciais.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224, 225 e 300 do TRLCSP.

Aos efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sexta e décimo oitava destes pregos.

A los efectos del artículo 223.h) do TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva

VIXÉSIMO CUARTA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ao da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA



1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**
* Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**
Nome e Apelidos:
Cargo:

NOME EMPRESARIO: **SELO DA EMPRESA**
D.N.I.:
SINATURA:
DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR**



CSV: 1tJzRbQ1nnMLb9YUqDgSTg==

SINATURAS
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 25 / 36
DATAS(UTC)
25/11/2016 13:47:39
25/11/2016 13:47:39

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

**NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016
declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ao Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ao corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2016.

Asdo.:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de,

co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016**

declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos



conflictos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....con CIF, co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

** En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos



CSV: 1tJzRbQ1nnMLb9YUqDgSTg==

SINATURAS
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 27 / 36
DATAS(UTC)
25/11/2016 13:47:39
25/11/2016 13:47:39

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación

6º.- Que o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario será o seguinte:

....., así mesmo, comprométese a facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.

7º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril. *(No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.)* e que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimismo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.

CSV: 1tJzRbQ1nnMLb9YUqDgSTg==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 28 / 36

DATAS(UTC)

25/11/2016 13:47:39

25/11/2016 13:47:39


D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016 declaro baixo a miña responsabilidade:**


1º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril.*

* *No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.*

2º.- Que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

 Concello de Lugo						
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"						
DATOS DO LICITADOR						
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)						
ENDEREZO:						
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE: <input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		<table border="1"> <tr> <td>NÚMERO</td> <td>LETRA</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA					
REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por						



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

medio de representación legal):

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF: 43-2016

DENOMINACIÓN: CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 43-2016).

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: Documentación administrativa.
SOBRE B: Proposta técnica e suxeita a criterios avaliados mediante xuízo de valor.
SOBRE C: Oferta económica e suxeita a criterios avaliados automaticamente.

Lugo, _____ de _____ de

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.”

<<PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO

OBXECTO

O obxecto deste prego é establecer as bases técnicas que rexan na licitación e posterior contratación que permita a subministración e instalación dun aseo público autolimpable para situar no Parque Rosalía de Castro na cidade de Lugo.

A.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS



A cabina para subministrar deberá ter en planta as dimensións máximas de 2,65 m x 2,35 m, e altura inferior a 3,5 m.

O aseo será apto para utilización mixta (señoras e cabaleiros) e para o seu uso por persoas minusválidas. Terá un radio de xiro mínimo de 1,80 m, e cumprirá a actual normativa de accesibilidade que lle sexa de aplicación. O deseño interior do aseo estará realizado de forma que non presente superficies rematadas en arestas ou cantos, que puidesen representar un perigo para as persoas usuarias

Os materiais empregados serán de primeira calidade, impermeables, non absorbentes, antivandálicos, resistentes ao desgaste, sólidos e inalterables por axentes externos (inclusive ácido, e álcalis utilizados habitualmente na limpeza, conservación e desinfección) e atmosféricos, e totalmente homologados. Deberán cumprir as normas específicas que lles sexan de aplicación. As estruturas non deberán presentar salientes, arestas ou cantos vivos que poidan representar un perigo para o/a usuario/a.

O grao de seguridade e resistencia serán fundamentalmente relevantes, e terán en conta, especialmente, aspectos tales como a resistencia ao impacto, á corrosión e a resistencia térmica.

A cuberta deberá garantir que non exista posibilidade de acumulación de auga sobre esta. A recolección de augas pluviais será interior.

A estrutura deberá estar construída mediante perfís tubulares de aceiro galvanizado en quente.

Acabado exterior con revestimento de madeira.

Interiores: as paredes e teito rematados en aceiro inoxidable.

Os módulos interiores estarán construídos en aceiro inoxidable.

O chan será de cerámica vitrificada con nivel antiesvaradío 3

A porta de acceso será de aceiro inoxidable, e terá apertura cara ao exterior, e estará dotada de control de acceso automático mediante interruptor, con cerradura electromagnética.

O deseño interior cumprirá a normativa de accesibilidade, estatal e autonómica, para persoas con mobilidade reducida.

O inodoro estará dotado de asento abatible autolimpable automático, programado para limpeza completa despois de cada uso.

O Concello resérvase o dereito a analizar ou encargar en laboratorios oficiais as mostras que se presenten, considerando como mínima a calidade aprobada á vista das ofertas. Para tal efecto, o licitador estará obrigado a utilizar as clases e tamaños de embalaxes, sinalizacións e rotulacións que a Administración municipal puidese esixir.

A cabina deberá ser de fácil instalación e conservación. Deberá ter no seu interior un espazo reservado ao equipamento técnico, accesible para persoal de mantemento, con caixa para acometida de auga potable e cadro eléctrico, con todas as proteccións necesarias, para acometida eléctrica.

Toda a instalación eléctrica realizarase respectando a lexislación nacional relativa á Área de Seguridade Industrial; en concreto, a normativa establecida polo Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

A obra civil e acometidas serán realizadas a conta do Concello, para o cal se lle requirirá á empresa contratista que defina as características das acometidas ao inicio dos traballos. Para a realización das conexións ao aseo, requirirase a presenza de persoal da empresa contratista.

O espazo destinado ao público deberá contar, como mínimo, cos seguintes elementos:


- Inodoro WC en aceiro inoxidable. Tapa abatible automaticamente en aceiro inox/inox/corian / PVC. Lavado da tapa mediante diferentes saídas de auga a presión. Activación do ciclo de autolimpeza despois de cada uso mediante auga, desinfectado e secado da tapa.
- Lavabo encaixado en aceiro inoxidable automático con funcionamento á exposición, de accionamento secuencial de lavado, enxaboado, aclarado e secado, mediante sensor de proximidade.
- Luz artificial interior tipo LED para proporcionar máis de 200 lux a 1 metro do chan durante o uso.
- Luz de emerxencia
- Luz natural
- Calefacción regulable con termóstato.
- Ventilación forzada extractora (350 m³/h)
- Papeleira en aceiro inoxidable antilume encaixada
- Colgadoiro de aceiro inoxidable anticolgamento.
- Espello realizado en aceiro inoxidable pulido irrompible.
- Lavado do chan dende 3 saídas diferentes de auga a presión e antiatoamento (anti-atasco)
- Auga de limpeza de chan e de tapa homoxeneizada con desinfectante e desodorizante
- Secamáns de aire quente, con funcionamento á exposición, integrado no lavamáns.
- Barras de apoio de aceiro inoxidable para persoas minusválidas e con diversidade funcional
- Porta de aceiro inoxidable, blindada e antivandálica, con cerradura electromagnética, con posibilidade de apertura dende o exterior mediante chave para emerxencias ou mantemento.
- Indicación de evacuatorio libre e ocupado ou fóra de servizo exterior.
- Detector de presenza
- Instrucións no exterior do aseo retroiluminadas en 3 idiomas que permita a lectura en momentos de pouca luz.
- Instrucións orais no interior multidioma.
- Reloxo programable para horario de apertura e peche da instalación, con posibilidade de programación variable para, entre outros, restrinxir o acceso a determinadas horas do día.
- O aseo disporá de reloxo programador para limitación horaria de uso (programación semanal), situado no cadro eléctrico na zona técnica.
- Peche automático da porta do aseo mediante retedor.



- Información no interior da cabina sobre o funcionamento do sistema de autolimpeza.
- Sistema de seguridade que permita o rescate mediante interruptor e placa aceiro inoxidable identificadora.
- Sistema de peche automático do aseo en caso de falta de presión de auga
- Alarma acústica para tempo límite de uso.
- Reloxo límite de uso para as persoas usuarias no interior.
- Contador de servizos.
- Ventilación suficiente, natural ou forzada.
- Mupi retroiluminado con reloxo programador de horario, integrado na parede do aseo.
- Acceso á plataforma web para seguimento do aseo, elaboración de informes de estatísticas, xestión de alarmas de avarías, etc.

B.- ZONA TÉCNICA DE CONTROL

- O espazo dedicado á maquinaria, equipos de mantemento e control, produtos de limpeza e desinfectantes, etc., será accesible dende o interior do aseo, e disporá de:
 - Circuito hidráulico con panel de fontanería, con instalación de presión de auga con tubaxes multicapa.
 - Bote sinfónico rexistrable.
 - Filtro de auga para reter residuos da auga que poidan dar lugar a corrosións nas canalizacións metálicas. Instalarase a continuación da chave de corte xeral. O filtro é de tipo Y cun limiar de filtrado comprendido entre 25 e 50 micrómetros, con malla de aceiro inoxidable e baño de prata para evitar a formación de bacterias e autolimpable. Pola súa localización, resultará de doada limpeza e poderáselle realizar mantemento sen corte de subministración.
 - A instalación eléctrica do aseo axustarase ao especificado no Real decreto de baixa tensión), e reunirá as condicións e características que se definen neste e nas súas instrucións técnicas complementarias (ITC) BT01 a BT51, que se xuntan ao devandito real decreto. En concreto, para unha maior seguridade e co fin de evitar que a zona técnica adquira as condicións ambientais definidas na ITC-BT-30 que o converterían nun local de características especiais, terá instalado ventilación abonda mediante a instalación dun ventilador extractor que evite a formación de humidade na zona técnica, das características que establece o REBT, e así facilitar a entrada de aire abondo para lograr unha óptima ventilación desta.
 - Incluírase conexión equipotencial segundo ITC-BT-27 e ITC-BT-30, mediante cable amarelo e verde.
 - Prevención de entrada da auga dende o exterior e viceversa:
 - Depósitos para líquidos desinfectantes, desodorizante, etc.
 - Dosificador para líquido desinfectante e xabón.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

- o Elemento de calor con resistencia e turbina para aire quente que seque o asento e manteña a temperatura de confort no interior da cabina aseo.
- o Radiador para evitar conxelacións no interior da zona técnica.
- o Contador de servizos realizados.
- o Timbre avisador programable para limitar o tempo de permanencia no interior da cabina aseo.
- o Taboleiro electrónico con programador e elementos de protección.
- o Programador de horario de "peche-apertura" da cabina.
- o Acceso ao local técnico dende o interior da cabina aseo con peche de seguridade.
- o Apertura dende o interior) en caso de corte de subministración de auga.

C.- ORZAMENTO

O orzamento base de licitación do contrato é de 40.000 euros, incluídos: o IVE, transporte, gastos de instalación e posta en marcha, gastos xerais, beneficio industrial e demais tributos das distintas esferas fiscais, e en xeral calquera gasto que supoña a realización do contrato.

D.- GARANTÍA E MANTEMENTO INTEGRAL

O período de garantía dos evacuorios deberá ser, **como mínimo, de dous anos** en man de obra e materiais para contabilizar dende o momento da recepción por parte do Concello, una vez realizada a inspección e posta a punto correspondente.

Así mesmo, dentro e durante o período mínimo de garantía (2 anos) e durante o período de garantía que se oferte como mellora (ampliación de garantía), incluírase o mantemento integral da cabina e o mantemento preventivo no relativo a:

- Mantemento preventivo, en función do uso da cabina e cun mínimo de **Unha vez cada dous meses durante todos e cada un dos anos de garantía, comprendendo:**

- Lubricación de todos os dispositivos móbiles na cabina; control e axuste dos equipos mecánicos, eléctricos ou electrónicos. Control das alertas ópticas e acústicas dos interruptores de emerxencia, dos dispositivos de apertura e peche das portas, dos dispensadores de auga, xabón e papel hixiénico, funcionamento hidráulico e comprobación do número de usos.

- Intervencións extraordinarias non programadas: sempre e cando se produzan incidencias que interrompan o funcionamento da cabina, realizarase obrigatoriamente a reparación da avaría, incluso a substitución de pezas e / ou equipos mecánicos, eléctricos, electrónicos, etc., se fose necesario, incluída man de obra, pezas e desprazamentos que serán por conta e risco do adxudicatario.

- O adxudicatario garantirá a totalidade de reparacións das avarías detectadas.

O consumo de auga e de electricidade será a cargo do Concello.

Deberase asumir na oferta que o tempo de resposta ante unha avaría ou ante intervencións extraordinarias non programadas durante o período de garantía

obligatoria e estendida polo ofertante, dende que se lle comunica por parte do Concello, non sexa superior ás 24 horas.

E.- SOLVENCIA TÉCNICA

Dada a especificidade da adquisición, para a presentación das ofertas será esixible e obrigatorio estar en posesión de:

- Tamén é esixible e obrigatorio fabricar nos últimos cinco anos un mínimo de 20 cabinas autolimpables.

F.- PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

O adxudicatario comprometerase á entrega e instalación da subministración no prazo máximo de 45 días, contando a partir do día seguinte a aquel en que se requira formalmente a subministración concreta polos servizos técnicos municipais, en función das necesidades e da necesaria coordinación coa execución da obra civil. Este requirimento realizarase no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato de subministración que é o máximo previsto para a execución da obra civil.

A entrega e instalación realizaranse no lugar indicado como situación, ao realizarse o encargo formal.

G.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1.- Oferta económica: ata 25 puntos, conforme á seguinte fórmula:

Á oferta máis económica daránselle 25 puntos con criterios de proporcionalidade pura para o resto das puntuacións.

2.- Melloras: ata 12 puntos

Ampliación do prazo de garantíaata 12 puntos:

- 12 puntos máximo para o prazo de garantía a razón de 3 puntos/ano adicional ao prazo de garantía fixado no apartado D.

3.- Proposta técnica: ata 12 puntos co seguinte por separado:

Equipamento e sinalización.....ata 4 puntos.

Equipamento .- Avaliaráanse as melloras relacionadas coa autolimpieza de baño, o confort do usuario e a seguridade2 puntos

Sinalización .-Avaliaráanse as melloras no relativo a mellorar a accesibilidade.....2 puntos.


-Deseño innovador e integración-----ata 4 puntos.

Deseño e Integración .-Avaliaráse a orixinalidade do deseño na súa forma, estética e funcionalidade, ao tempo da súa integración arquitectónica e paisaxística co seu contorno.

- Eficiencia enerxética y medioambiental-----ata 4 puntos.

Avaliaráse a eficiencia da cabina na instalación de elementos de baixo consumo e a xestión eficiente dos recursos naturais.... Ata 2 puntos

Avaliarase a aportación da Certificación en Ecodiseño ISO 14006, os Certificados de Calidade ISO 90001 ; Sistemas de Xestión Ambiental ISO 14001 e de Seguridade e Saúde no Traballo OHSAS 18001., a razón de 0,5 puntos a posesión de cada certificado total2 puntos.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x470140764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

En caso de empate na puntuación final, o contrato resolveráse a favor de aquela oferta que houbera obtido unha maior puntuación na oferta económica.>>

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 40.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 17100.62200 (RC 79526; C.P 16XX00023).

CUARTO.- Aprobar a adjudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e o do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.